

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	6º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

Programación didáctica para a área de Ciencias da Natureza de 6º de educación primaria.

O marco legal desta programación é:

- Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordeación e o currículo da educación primaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de avaliación do 25 de xaneiro de 2022. - Orde de atención á diversidade, do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011.
- Orde de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o decreto 155/2022.

Estamos nun concello de tamaño pequeno con relación á poboación, e con moita dispersión. A actividade económica basease en pequenas empresas de distintos sectores e na actividade agraria con diversas explotacións hortícolas, destacando o sector de cultivo de oliveiras (aceite), así como o vitivinícola. Tamén hai no municipio empresas de extracción de lousa. Nos últimos anos está adquirindo gran importancia o sector turístico debido ao privilexiado enclave do noso concello xa que forma parte da Ribeira Sacra e do Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel.

O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, Escola infantil, IES ..., así como diferentes lugares para o lecer como o paseo fluvial, parques, campo de fútbol e pistas multideporte. Hai que destacar a existencia de dous museos importantes: o Etnográfico e o Xeolóxico.

Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados 148 alumnos e alumnas e que conta cunha unidade para cada nivel de Primaria, agás 2º de EP que ten dúas. A ratio está actualmente en 16,5 alumnos/as por nivel e a porcentaxe de alumnado vulnerable é de 20 % aproximadamente.

O colexio, que ten horario de xornada única, (agás os luns con xornada partida), dispón de comedor e servizo de transporte escolar. Así mesmo, contamos con Seccións Bilingües en 1º, 2º, 3º e 4º de primaria na área de Educación Plástica e Visual. Temos adxudicado un auxiliar de conversa. Cóntase tamén con outros recursos, como unha biblioteca incluída en PLAMBE, que é ademais espazo multiusos para obradoiros, actividades culturais. Participamos noutros programas como E-DIXGAL, INCLÚE, Plan Proxecta e PROA +.

En 6º de primaria hai un grupo con 15 alumnos e alumnas (10 nenas e 5 nenos).

Somos un colexio E-DIXGAL, e por tanto, cos recursos vinculados a este modelo. Os ultraportátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestres/as do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

Así pois, estruturamos esta área en 4 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- Cultura científica.
- A vida no noso planeta.
- Materia, forzas e enerxía.
- Tecnoloxía e dixitalización.

Formúlanse 7 unidades didácticas nas que se desenvolverán a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A nosa saúde	Niveis de organización do ser humano. Tipos de enfermidades. Hábitos saudables.	15	11	X		
2	Os alimentos	Principais nutrientes. Dieta equilibrada.	15	11	X		
3	Nutrímonos	Nutrición, dixestión, respiración, circulación e excreción.	15	11	X		
4	Relacionámonos e reproducímonos	Funcións de relación e reprodución. Aparatos implicados.	15	11		X	
5	Materia e enerxía	Propiedades. Cambios físicos e químicos. Cambios de estado. As mesturas. Tipos de enerxía. As forzas.	15	11		X	
6	Electricidade e magnetismo	A electricidade. Circuitos eléctricos. O magnetismo.	15	10			X
7	Dixitalización e proxeto	Seguridade e privacidade na contorna dixital.	10	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A nosa saúde	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades.	Coñecer os tipos de enfermidades, as súas causas e tratamentos, e recíñecer hábitos de vida saudable	PE	80
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formular preguntas sobre problemas de saúde	TI	20
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre.	Fomentar relacións afectivas saudables		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta.
- Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Pautas para unha alimentación saudable e sustentable: menús saudables e equilibrados. A importancia da cesta da compra e da etiquetaxe dos produtos alimenticios para coñecer os seus nutrientes e a súa achega enerxética. - Principais enfermidades que afectan os aparellos e sistemas do organismo humano. Pautas para a súa prevención. - Pautas para a prevención de riscos e accidentes. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios. - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, prevención e consecuencias do consumo de drogas, xestión saudable do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais, estratexias para o fomento de relacións sociais saudables e fomento do coidado das persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	Os alimentos	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades.	Coñecer os tipos de nutrientes, alimentos, e o que é unha dieta equilibrada	PE	80
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sobre diversos tipos de dietas saudables	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Pautas para unha alimentación saudable e sustentable: menús saudables e equilibrados. A importancia da cesta da compra e da etiquetaxe dos produtos alimenticios para coñecer os seus nutrientes e a súa achega enerxética.

UD	Título da UD	Duración
3	Nutrímonos	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Explicar como é o proceso da nutrición	PE	100
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer os aparellos que interveñen na nutrición e o súa función		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Coñecemento do corpo humano: anatomía e fisioloxía. Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas. - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano desde unha perspectiva integrada: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. - A función de nutrición e aparellos que interveñen (respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).

UD	Título da UD	Duración
4	Relacionámonos e reproducímonos	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Explicar os procesos que se levan a cabo nas funcións vitais estudadas	PE	100
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as funcións de relación e reprodución		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Coñecemento do corpo humano: anatomía e fisioloxía. Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas. - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano desde unha perspectiva integrada: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. - A función de relación. Os órganos dos sentidos, o sistema nervioso e o aparello locomotor.

Contidos

- A función de reprodución. O aparello reprodutor e órganos que interveñen.
- Os cambios físicos, emocionais e sociais que supón a puberdade e a adolescencia para aceptalos de forma positiva tanto nun mesmo como nos demais. Educación afectivo-sexual.

UD	Título da UD	Duración
5	Materia e enerxía	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar e analizar as características e as propiedades da materia a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas, instrumentos e procesos adecuados.	Coñecer os cambios e propiedades da materia	PE	75
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións as propiedades do aire analizando os principios básicos do voo.	Recoñecer as propiedades dos gases		
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sobre os tipos de mesturas	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta.
- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.
- Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade.
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos).
- Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Propiedades da materia. Concepto de densidade e a súa relación coa flotabilidade dun obxecto nun líquido.
- Realización de experiencias para estudar as propiedades de diferentes materiais de uso común.
- As propiedades do aire e a súa interacción cos obxectos dependendo da súa forma. As forzas implicadas no voo. Principios básicos da aerodinámica.

UD	Título da UD	Duración
6	Electricidade e magnetismo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Explicar que é o electromagnetismo	PE	80
CA3.2 - Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable.			
CA1.3 - Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Elaborar un sinxelo circuito eléctrico	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta. - Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos). - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - As fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia na contribución ao desenvolvemento sustentable da sociedade. - As formas de enerxía e as súas transformacións.

UD	Título da UD	Duración
7	Dixitalización e proxeto	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar correctamente os recursos dixitais	TI	100
CA4.2 - Expor problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	Recoñecer un problema da contorna		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Propor unha solución a un problema da contorna		
CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados.	Diseñar un produto para resolver un problema da contorna		
CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Comunicar dixitalmente o produto proposto para resolver un problema da contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual). - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes). Xestión de arquivos. - Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados etc.) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima. - Fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema). - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos. - Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe. - Deseño, prototipado, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna. - Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto. - Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D).

Contidos

- Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

Realizaranse visitas, saídas con preparación previa, observación directa e posta en común.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada.

- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.

- Levarán a cabo unha autoavaliación nalgunhas tarefas individuais e colectivas, sendo o propio alumnado quen revise e avalíe a súa propia produción na procura de erros e de mellora.

- Contemplarase unha progresividade e consolidación, de maneira que todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente.

- Terase en conta a diversidade, respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe.

- Empregaranse as TIC como elemento que facilita a construción de aprendizaxes.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro dixital
Ordenador de aula e encerado dixital
Láminas explicativas dos diversos temas
Museoa da Enerxía (Ponferrada)
Caderno do alumno/a
Portátil do alumno/a
Recursos dixitais
Maquetas do corpo humano

Os recursos didácticos comprenden a diversidade de instrumentos, materiais e medios que servirán como obxectos de motivación do interese para aprender do alumnado. Ademais dos materiais habituais da aula, considero de gran importancia facer aportacións reais en todas as situacións posibles: etiquetas alimentos para a súa análise,

observación de rochas, plantas, materias primas diversas, visita a un museo da enerxía, ...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias da Natureza.

Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás caracterísitcas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	15	15	10	100
Proba escrita	80	80	100	100	75	80	0	77
Táboa de indicadores	20	20	0	0	25	20	100	23

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Tamén, empregaremos as diferentes probas escritas (test, preguntas abertas, resposta curta...) ao remate de cada UD.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.3 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.4.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

Criterios de recuperación:

A avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa , poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumando, o departamento de orientación e o equipo directivo.

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

- A dispoñibilidade de profesorado, entendendo que dende a xefatura de estudos se poidan asignar horas de apoio doutro profesorado. Esta dispoñibilidade ven definida trimestralmente polas necesidades existentes en cada grupo. Contando con horario dispoñible, este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.
- O profesorado especialista de PT ou AL de ser o caso, e se así o determina o departamento de orientación.
- O/a mestre/a de PROA+
- O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que os máis capaces axudan aos que teñan dificultades (titoría entre iguais).
- O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumnas realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a.
- A mestra, nas actividades de grupos, prestará especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignará maior responsabilidade aos que se desenvolven con maior solvencia.

As medidas para a atención educativa virtual ao alumnado que presente dificultades para asistir ao centro docente por causas xustificadas.

Uso do libro dixital (plataforma moodle) , comunicacións por mensaxería Abalar e por mensaxería do libro dixital.

As estratexias de deseño universal de aprendizaxe que se aplicarán na área/materia/ ámbito:

Propoñer actividades de autorregulación da aprendizaxe; permitir eleccións dentro das unidades didácticas e das tarefas; incluír glosarios e esquemas; empregar varias formas de representación e de comunicación...

No grupo de 6º de EP hai alumnado no programa de alerta escolar, polo que seguiremos o protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica. Todos os protocolos publicados pola Consellería de Educación teranse en conta por se ao longo do curso fose necesario a aplicación dalgún deles, hai alumnado que, a priori, pode ser de aplicación do protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar. Tamén teremos moi en conta o protocolo de protección de datos e de acoso escolar se se dese o caso.

No caso de ter que empezar coa aplicación dun protocolo ao longo do curso, farase constar no seguimento da programación na aplicación Proens o momento no que empezamos a aplicar o protocolo, así como na correspondente reunión de equipo de ciclo, facéndoo constar en acta.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade						X	
ET.6 - Espírito científico					X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.7 - Espírito de emprendemento							X
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres	X			X			X
ET.9 - Educación para a paz				X	X		
ET.10 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible		X			X	X	

Observacións:

Debemos proporcionar ferramentas que promovan a inclusión do alumnado nun mundo máis xusto, solidario e sustentable. De aí que contemplemos a riqueza multicultural, a resolución pacífica de conflitos e a igualdade entre homes e mulleres como eixos fundamentais do noso proceso de ensino-aprendizaxe.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Percorrido a pé dun tramo da Ruta da Encomenda	Percorrido a pé dun tramo da Ruta da Encomenda observando os elementos naturais que nos rodean	X		
Charla do Plan Director da Garda Civil	Asistencia ás charlas informativas da Garda Civil sobre perigos e riscos que poden xurdir no uso de internet e as novas tecnoloxías.	X		
Visita ao Museo da Enerxía (Ponferrada)	Visita ás dependencias deste Museo para coñecer como se producía a electricidade a partir do carbón no século pasado.		X	
Circuitos eléctricos	Elaboración dun circuito eléctrico sinxelo			X
Conmemoracións	Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller	X	X	X

Observacións:

- A realización de un tramo a pé da Ruta da Encomenda realizarase na zona de Quiroga no primeiro trimestre. Esta actividade está relacionada co CA1.1: "Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación".
- Participación nas charlas do Plan Director da Garda Civil durante o primeiro trimestre. Esta actividade está relacionada co CA4.1: "Utilizar recursos dixitais de forma segura e eficiente".
- Visita ao Museo da Enerxía localizado na cidade de Ponferrada durante o segundo trimestre. Esta actividade está relacionada co CA3.2: "Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable".
- A confección dun circuíto eléctrico a realizar durante o terceiro trimestre do curso e que está relacionado co CA3: "Participar con actitude emprendedora no proceso de contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais".

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas actividades ou probas?
Metodoloxía empregada
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Adáptanse as probas aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender aos ACNEAE?
Clima de traballo na aula
Conseguise motivar ao alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoiose a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase ao rematar cada unidade didáctica a través da aplicación informática PROENS.

A información do seguimento da programación didáctica trasladarase, para a súa valoración e análise ao equipo de ciclo cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas.

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións mensuais do equipo docente de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados